



## Ilmo. Concello do Grove

FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, SECRETARIO XERAL DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

CERTIFICO:

Que o Pleno desta corporación en sesión ordinaria realizada o 30 de xaneiro de 2017 aprobou o seguinte acordo por unanimidade:

**“Proposta non ditaminada sobre a moción do PGD ‘O Grove pola igualdade de mulleres e homes no deporte’**

Como é ben sabido o mundo do deporte é una escola de valores e de vida, onde nos últimos anos se teñen dados grandes pasos desde o Olimpismo e nos gobernos nacionais para o trato igualitario e de modalidades entre homes e mulleres, así, no noso Estado as becas e axudas para os deportistas, sexan home ou muller, son iguais sen distinguir se nunhas modalidades existen ou non, máis ou menos países participando.

Que acontece nos clubs que reciben fondos públicos dos concellos, deputación ou gobernos autonómicos pola súa actividade? ou Que acontece en eventos organizados polas entidades ou asociacións?

**FAN UNHA POLÍTICA DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES?**

Por desgraza a resposta pensamos que é non, xa que podemos ver como os clubs non reparten igual os premios entre homes e mulleres. Se o deporte son valores e igualdade, ás deportistas ensinámolle que se é muller nos adestramentos non ten moitas veces os mellores horarios, ou xogando na mesma categoría ou evento, as axudas de custo ou premios por puntos ou resultados acadados non son iguais. Que mensaxe damos no deporte? Que o ser muller polo mesmo esforzo xa vas ter menos valor? Que facemos os políticos, grupos políticos ou administracións?

Desde o grupo do PGD propoñemos ao Pleno do Grove o seguinte acordo político pola igualdade no deporte:

1.º Que ningún club poida recibir subvencións públicas se non certifica un trato igualitario entre os seus deportistas, homes e mulleres. A igual nivel deportivo igual reparto económico.

2.º Ningún evento deportivo pode recibir subvencións públicas senón garante un reparto igual de premios entre homes e mulleres.

**Ilmo. Concello do Grove**

Alcalde Xacobe Barral Otero, 3, 36980, O Grove, Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

{1}

FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ (1 para 2)  
SECRETARIO  
Data de Sinatura: 02/02/2017  
HASH: 6cada179464e436624b824ab9a39b006



JOSE A. CACABELOS RICO (2 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 02/02/2017  
HASH: 26ec281b9b8d134d4ba304698fce940



Cod. Validación: 7HSWY+48WES38AQ7G92Y7TX9R | Corrección: <http://concaldoogrove.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espublico | Páxina 1 a 2



## Ilmo. Concello do Grove

---

3.º Aumentar as subvencións a clubs que existindo categorías de homes e mulleres, os teñen. Evitando que para facer un reparto equitativo algunha entidade pense que é máis "rendible" dar de baixa os equipos de mulleres.

4.º Dar coñecemento aos Concellos, Deputacións e Xunta de Galicia deste acordo para que implementen nas súas bases de axudas ou convenios ou subvencións os puntos 1º, 2º e 3º desta moción."

E para que así conste e teña os efectos que correspondan, expídese este certificado coa salvidade do artigo 206 do R.D. 2568/1986 e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, por orde e co visto e prace do Sr. alcalde.

O Grove, 2 de febreiro de 2017

Visto e prace do alcalde  
Jose A. Cacabelos Rico

**ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE**

---

**Ilmo. Concello do Grove**

Alcalde Xacobe Barral Otero, 3, 36980, O Grove, Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

[2]

